



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

galicia

Concello da Coruña

A/At. Sr. alcalde

Praza María Pita, 1

15001 A Coruña

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 28/01/2015 09:40:56

SAÍDA 854 / RX 89846



OFICIO

DECISIÓN DE NON SOMETEMENTO A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

Nome do plan: Modificación puntual núm. 3 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Coruña

Órgano promotor: Concello da Coruña

Expediente: 2014AAE1757

Código web: 1685/2014

Ato. de A Coruña /
Concello de Coruña
REGISTRO GENERAL / REXISTRO XERAL
ENTRADA/ENTRADA
Fecha/Data 29-01-16 00:00:00
N. Neg/Gen/N. Neg/Xer 2.634/
Código/Código RMPE 20216

Achégolle unha copia compulsada da decisión sobre a non necesidade de sometemento a avaliación ambiental estratéxica relativa á Modificación puntual núm. 3 do Plan xeral de ordenación municipal, Concello da Coruña.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2015

Carlos Calzadilla Bouzón

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





DECISIÓN DO 20 DE XANEIRO DE 2015 DE NON SOMETER A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA A MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 3 DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DA CORUÑA, PROMOVIDA POLO CONCELLO DA CORUÑA (Expediente 2014AAE1757)

Tendo en conta a proposta de decisión do Servizo de Avaliación Ambiental, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

ANTECEDENTES

1. O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello da Coruña aprobouse definitivamente o 25.02.2013, sendo sometido ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica (en diante AAE).
2. Na Resolución do 03.07.2014, da Xefatura do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Coruña, sobre o informe valorativo da escavación arqueolóxica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eirís e Avenida dos Caídos no Concello da Coruña estimase que o Concello deberá incorporar ao planeamento municipal o xacemento de orixe prehistórica localizado no Sector 1.
3. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural comunicalle ao Concello da Coruña a aprobación do Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés e solicítalle que incorpore a traza do camiño, o seu territorio histórico e as determinacións pertinentes ao seu PXOM.
4. O día 09.12.2014 o director de Urbanismo do Concello da Coruña remitiu a esta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas un escrito no que comunica o inicio da tramitación da "Modificación puntual núm. 3 do PXOM do Concello da Coruña" e achega un documento de inicio para que se determine se debe someterse ou non ao procedemento de AAE.
5. Como paso previo para adoptar a decisión sobre o sometemento desta modificación puntual ao procedemento de AAE, o documento de inicio foi exposto ao público na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas por un prazo de vinte días naturais, que finalizou o 07.01.2015. Ao mesmo tempo, consultouse aos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a outras Administracións públicas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), integrou no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de AAE previsto na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.
2. A Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia sinala no artigo 5.e) que a modificación de calquera instrumento de planeamento urbanístico debe ser obxecto de AAE cando así o decida o órgano ambiental en cada caso. A decisión, que deberá ser motivada, pública e axustada aos criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006, do 28 de abril.

Santiago, 28 XAN. 2015



Decisión AAE: Modificación puntual núm. 3 do PXOM da Coruña.

Expediente: 2014AAE1757

Alberto Rodríguez Gordo
páxina 1 de 5



3. O artigo 4 da Lei 9/2006, do 28 de abril, establece que como paso previo a adoptar a decisión mencionada no punto anterior deberase consultar polo menos ás administracións públicas afectadas.
4. O Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés sinala na disposición terceira que o trazado do camiño e o ámbito do seu territorio histórico deberán ser incorporados aos planeamentos urbanísticos, o que implicará a necesaria autorización previa da Consellería de Cultura nas intervencións que se produzan no ámbito da delimitación, agás nos casos establecidos no artigo 47.2 da Lei 8/1995 ou resolución expresa de delegación ao abeiro do artigo 8.3 da Lei 3/1996.
5. A Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental é o órgano competente para a tramitación dos procedementos en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente, segundo indica o Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS


1. Características da Modificación puntual

Obxecto:

- Dar cumprimento ao establecido no Decreto 110/2014, de 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés, se ordena a súa inscrición no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia coa categoría de territorio histórico e se notifica aos concellos afectados para que integren esta delimitación nos seus planeamentos urbanísticos.
- Atender á Resolución do 3 de xullo de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Informe valorativo da escavación arqueolóxica de estruturas negativas no proxecto de obras ordinarias nas rúas Casanova de Eiris e Avdados Caldos), na que se indica ao Concello da Coruña que deberá incorporar ao planeamento municipal o xacemento de orixe prehistórica localizado no Sector 1.

Ámbito de actuación:

- Traza e delimitación do Camiño de Santiago Inglés no concello da Coruña.





- Elemento arqueolóxico localizado na rúa Casanova de Eirís e Avda.dos Caídos.



Proposta: incorporar aos distintos documentos do actual PXOM:

- A traza e delimitación do Camiño de Santiago Inglés coa categoría de territorio histórico, de acordo co Decreto 110/2014, o que require reformar a ficha do Camiño de Santiago Inglés que contén o Catálogo e introducir modificacións nos apartados do PXOM onde se faga referencia a el.
- O elemento arqueolóxico localizado na rúa Casanova de Eirís e Avda.dos Caídos (Sector 1), o que require elaborar unha ficha de Catálogo, establecer un nivel de protección e localizar o elemento catalogado xunto coa súa área de protección.

Estes dous elementos quedarán así incorporados ao Catálogo de elementos do Patrimonio Cultural do PXOM.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O concello da Coruña está situado no litoral norte da provincia do mesmo nome. O ámbito desta Modificación atópase inserido no entramado urbano da cidade.

En canto ao medio natural, cómpre destacar que este ámbito atópase:

- Na área de risco potencial significativo de inundación (ARPSI) ES014-CO-11-02-03-04, *Rego de Campos, de Beneiron ou Mesoiro*, non obstante, os mapas de perigosidade e risco de inundación sometidos a consulta pública¹ non inclúen o ámbito desta modificación dentro da superficie previsible de inundación.

Santiago, 28 XAN. 2015

Ass.: Alberto Rodríguez Garrido

¹ Durante un período de tres meses contados dende o 08.09.2014, sométense a consulta pública os mapas de perigosidade e risco de inundación correspondentes ás áreas de risco potencial de significativa inundación (ARPSI) costeiras e fluviais da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, en cumprimento da 2ª fase de implantación da Directiva 2007/60/CE.



- Na área de ordenación do litoral do modelo de xestión definido no Plan de ordenación do litoral de Galicia (POL)². Non obstante, o ámbito do Camiño de Santiago Inglés insírese maioritariamente en solo urbano consolidado e polo tanto o modelo de xestión do POL non resulta de aplicación (artigo 3.2. do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro). Unha pequena parte do Camiño de Santiago Inglés e o ámbito do elemento arqueolóxico localizado na rúa Casanova de Eirís e Avda. dos Caídos insírense en áreas de solo urbano non consolidado cun grao de compatibilidade 1, sendo as súas determinacións plenamente compatibles coas do POL.
- Na área de distribución potencial da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher*)³, especie en perigo incluída no Catálogo de Especies Ameazadas⁴. Esta área esténdese a todos aqueles humedais costeiros que poderían ser empregados ben como áreas de descanso ou ben en épocas diferentes de cría. Dado o carácter urbano do ámbito da modificación este non se corresponde co hábitat propio da especie e polo tanto esta modificación resulta irrelevante para a súa conservación e recuperación.

3. Período de exposición pública e consultas do documento de inicio

Durante o período de consultas recibíuse un escrito do Servizo de Planificación da Paisaxe, dependente do Instituto de Estudos do Territorio (IET), no que considera que as alteracións propostas non producirán efectos significativos sobre a paisaxe.

4. Efectos ambientais previsibles

Con esta modificación puntual do PXOM preténdese dar cumprimento ao establecido no Decreto 110/2014, de 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés e na Resolución do 3 de xullo de 2014 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, incorporando os dous elementos patrimoniais nas determinacións e documentos do actual PXOM.

A modificación afecta a un ámbito moi antropizado, no que non se insiren espazos cun relevante valor ambiental. Así pois, considerando os criterios establecidos no anexo II da Lei 9/2006 do 28 de abril, conclúese que coa modificación puntual non se agardan efectos ambientais significativos.

En todo caso cómpre sinalar que a aprobación desta modificación deberá someterse a informe da consellería competente en materia de cultura segundo o establecido no artigo 32.4 da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia modificado pola Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

² Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 23.02.2011)

³ Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus L. subsp. lusitanica Steinbacher*) en Galicia (*Diario Oficial de Galicia* do 13.05.2013).

⁴ Resolución do 28 de novembro de 2011, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se delimitan as áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas (*Diario Oficial de Galicia* do 21.12.2011).





PROPOSTA

Considerando o sinalado nos apartados anteriores, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a Modificación puntual núm. 3 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Coruña.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2015


A xefa do Servizo de Avaliación Ambiental


Margarita Segade Castro



Conforme:

O subdirector de Avaliación Ambiental



Carlos Calzadilla Bouzón

ACORDO

De conformidade coa proposta anterior, acordo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a Modificación puntual núm. 3 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello da Coruña.

Este acordo farase público no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (www.cmati.es) e remitirase ao órgano promotor.

O secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental


Justo de Benito Basanta



Santiago, 20 XAN. 2015

Assin.: Alberto Rodríguez Garrido